

COPLAS ANALFABETAS



ANTONIO TIZÓN

SINOPSE

Coplas analfabetas é un proxecto literario que afonda na tradición oral galega recuperando a forza das coplas como forma de transmisión da memoria e da identidade colectiva. Inspirado na figura de María Dominga Cordeiro García, madriña do autor, unha muller analfabeta, pero portadora dun vasto repertorio de cantigas populares, este libro busca dignificar a voz das persoas silenciadas pola historia.

A obra estrutúrase en dúas partes: «Coplas analfabetas e revolucionarias», que denuncia a inxustiza social, a desigualdade e o esquecemento das clases populares, e «Coplas de vida trala morte», cunha reflexión poética sobre o paso do tempo, a memoria e a transcendencia. No eido literario, a obra bebe da tradición rosaliana e conta cun limiar de Anxo Angueira. No que atinxe á música, baixo a coordinación de Eugenia Sanmartín, reúne destacadas voces da escena galega, como Barahunda, Davide Salvado ou Carmen Penim, que adaptan as coplas á sonoridade contemporánea. No referido á parte plástica, a obra de cuberta e interiores pertence á pintora María do Carme Quinteiro Alonso.



Editora	EDITORIAL ELVIRA
Materia	POESIA
Colección	VARIOS
EAN	9788412992151
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	156
Tamaño	220x150x11 mm.
Peso	260
Prezo (Imp.inc.)	20,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	15/05/2025

Máis aló do seu valor estético, Coplas analfabetas é un proxecto de recuperación e posta en valor do patrimonio cultural galego, é un canto á memoria e á identidade, unha homenaxe á palabra transmitida de xeración en xeración e unha aposta pola cultura galega como espazo de creación, reivindicación e futuro.

...

Títulos relacionados




ESCOLMA ABERTA
Cunha, Alberto



HISTORIAS NO CAMIÑO (BOLSA LIBRO+ AGASALLOS)
AA.VV.



1598: LA PESTE EN VIGO
ANTONIO GIRÁLDEZ



LIBRO DOS LUGARES 2
PATINO PÉREZ, ANTÓN